



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

INSTRUCCIÓN DO SECRETARIO XERAL DO 4-I-2000 SOBRE APLICACIÓN DO BENEFICIO DE FAMILIA NUMEROSA ÓS ESTUDIANTES ESTRANXEIROS

Ante as reiteradas peticións de cidadáns marroquís sobre a aplicación dos beneficios de familia numerosa, dictouse, con data do 22-IX-99, unha Instrucción desta Secretaría Xeral reconecendo ós nacionais do referido país os mesmos beneficios e exencións no pagamento de prezos públicos que os alumnos do Estado Español, á vista dos informes no seu día emitidos.

Con posterioridade, o Boletín Oficial do Estado do 17-XII-1999 publicaba a Lei 47/1999, do 16 de decembro, pola que se modificaba o artigo 5 da Lei 25/1971, do 19 de xuño, de Protección de Familias Numerosas.

O artigo único desta Lei, establece:

“El cabeza de familia deberá ser español o nacional de un Estado miembro de la Unión Europea o de alguno de los restantes Estados parte en el Acuerdo sobre el espacio Económico Europeo y tener su residencia en territorio español, o ejercer una actividad por cuenta propia o por cuenta ajena en España, aunque resida en otro Estado miembro de la Unión Europea o en alguno de los restantes Estados parte del Acuerdo sobre el Espacio Económico Europeo.

En cuanto a los hijos, les será de aplicación, en todo caso, lo previsto en la condición segunda del artículo 4.”

En consecuencia, a aplicación dos beneficios de familia numerosa queda restrinxida a que o cabeza de familia sexa español ou nacional da UE ou dos Estados do Acordo sobre Espacio Económico Europeo e, ademais que teña residencia no territorio español ou exerza actividade por conta propia ou allea en España aínda que resida na UE ou en países do EEE, polo que non é aplicable ós estudantes marroquís.

Procede así anular a anterior Instrucción do 22-IX-99 e dictar outra que se axuste ó establecido á modificada Lei de Familias Numerosas.

Por todo o anterior, esta Secretaría Xeral, en aplicación do artigo 5 da Resolución Rectoral do 22 de xullo de 1999, resolve dictar a seguinte instrucción:

Primeira.- Queda anulada e revogada a Instrucción desta Secretaría Xeral do 22 de setembro de 1999, sobre aplicación do Beneficio de Familia Numerosa ós Estudiantes Marroquís, como consecuencia da entrada en vigor da Lei 47/1999.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Segunda.- Para o recoñecemento dos beneficios da familia numerosa o cabeza de familia deberá ser:

- a) Español, nacional da Unión Europea (UE) o dos Estados parte no Acordo sobre Espacio Económico Europeo.
- b) Residir en territorio Español ou exercer unha actividade por conta propia ou allea en España, aínda que resida noutro Estado membro da UE ou en algún dos restantes Estados parte do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo.
- c) Cumprir os restantes requisitos e condicións establecidas ou que se establezan para o recoñecemento dos beneficios nos prezos públicos.

Disposición Transitoria.- O recoñecemento de beneficios de familia numerosa a cidadáns marroquí realizados con anterioridade á entrada en vigor da Lei 47/1999 se manterán exclusivamente para o presente curso académico 99-00. Ós expedientes instruídos pero aínda non rematados, aplicarase a Lei 47/1999, do 16 de decembro.

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2000

O Secretario Xeral




Gumersindo Guinarte Cabada

Sra. Xefe do Servicio de Alumnado
Campus Sur
Santiago de Compostela